# DÍA DAS LETRAS GALEGAS

# 2004



# Xaquín Lorenzo Fernández e

## *Lorenzo e Carballo Calero coñecíanse dende novos. A súa amizade queda patente no epistolario entre ambos. Unhas cartas, inéditas, amosan tamén a súa relación intelectual*

*Armando Requeixo*

Por diferentes motivos e de diverso xeito tanto Xaquín Lorenzo (Ourense, 1907-Lobeira, 1989) coma Ricardo Carballo Calero (Ferrol, 1910-Santiago, 1990) constitúen para as letras galegas do século XX dúas referencias fundamentais, pois se un deu a Galicia o seu saber como etnógrafo, arqueólogo, historiador, fotógrafo e debuxante, o outro correspondeu brillantemente nas súas facetas de poeta, narrador, dramaturgo e ensaísta.

Pois ben, estes persoeiros coñecéronse sendo ben novos, xa que compartirían estudos de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago entre 1926 e 1932. Por ese mesmo tempo, nos anos vinte, entraron a formar parte do Seminario de Estudos Galegos, onde coincidiron nos traballos das diferentes seccións de que se compuña aquel centro de investigacións.

Eran os tempos nos que os dous pasaran a formar parte dos grupos de mozos galeguistas que orbitaban ao redor dos partidos de sino nacionalista, pois ambos figuraban na nómina do Partido Galeguista dende a súa mesma fundación.

Tras o obrigado impasse ao que viron sometidas as súas traxectorias persoais e intelectuais co estourido da Guerra Civil, volveron frecuentar o trato na Posguerra co gallo do seu ingreso na Real Academia Galega como membros de número, feito que se produciu o 16 de setembro de 1951 para o caso de Xaquín Lorenzo e o 17 de maio de 1958 para o de Carballo Calero. A amizade que agromara nos recuados tempos estudantís e republicanos sostívose firme nos escuros tempos posbélicos e proseguiu reverdecida nas recentes décadas democráticas.

Tanto é así, que a vida os levou a paladexar os doces do recoñecemento a un mesmo tempo, pois os dous recibiron a Medalla Castelao en xullo de 1984, nun acto en Compostela no que tamén viron recoñecido o seu meritorio labor a prol de Galicia e a súa cultura Ánxel Fole, Antón Fraguas, Valentín Paz-Andrade, Ramón Martínez López e Isidro Parga Pondal, todos coñecidos de Lorenzo e Carballo Calero, mesmo algúns bos amigos.


Froito desta delongada e intensa amizade á que aludo é o epistolario cruzado entre ambos. Hoxe consérvanse cinco cartas escritas por Xaquín Lorenzo a Ricardo Carballo Calero entre 1959 e 1985. Delas unha, datada o 3 do mes de Santos de 1969, é de carácter estritamente persoal, polo que eludirei referirme a ela. As catro restantes ocúpanse de temas e proxectos nos que ambos escritores sumaron as súas forzas ás doutros amigos para levar adiante diferentes empresas culturais.

A primeira das misivas está datada en Ourense o 2 de xuño de 1959 e leva selo da Comisión de Monumentos de Ourense, lugar dende o que Lorenzo escribe a Carballo a Lugo, pois este vivía daquela na cidade amurallada como director do Colexio Fingoi.

Nela o ourensán solicítalle un traballo ao ferrolán para o volume de homenaxe que a amentada Comisión de Monumentos ía dedicar no seu Boletín ao polígrafo Florentino Cuevillas, morto algúns meses antes. Esa colaboración, en efecto, foi enviada por Carballo Calero, quen engade a súa sinatura á do propio Lorenzo e á doutros autores no tomo XX, fascículos I-IV de 1959-1960 do Boletín.

A segunda das cartas leva a data do 7 de xullo dese mesmo ano e foi escrita por Lorenzo dende a súa Lobeira natal, aínda que outravolta co papel timbrado da Comisión de Monumentos.

A súa temática é unha continuación da anterior, pois, segundo se confesa na propia misiva, responde a unha carta de Ricardo Carballo Calero do día 2 daquel mes interrogando ao etnógrafo sobre a posibilidade de redactar a súa colaboración en galego.



COMISION DE MONUMENTOS
ORENSE

Ourense, 2 de xuño de 1959

Sr. D. Ricardo Carballo
LUGO

Meu querido amigo e irmán: Con motivo do falecimento de noso mestre Cuevillas coido que algo che indiquei de que agora motiva esta carta: quero un traballo teu pró nº homenaxe que lle imos adicar no Boletín da Comisión de Monumentos.

Pensaba escribirche fai xa tempo, mais dende o día 18 de abril estou c-unha condenada gripe que me ainda non deixou e que me retrasou todo o que tiña que facer; esta foi a razón de che non escribir denantes. De todos xeitos, o tempo ainda non apura.

Tiven, creo está, que pór unha limitación: 25 coartelas mecanografiadas a dous espacios por mór da cantidade de colaboradores.


Conto, pois, con algo teu. O que me convén era que mo mandases en canto poidas pra poder ir elterbando o carácter dos traballos e darlle así máis variedade.

Comenzaron xa a imprexión c-unha biografía escrita polo Otero. A seguir irán os outros traballos.

E nada máis. Unha garimosa aperta do teu de cote

Xocas

*Unha das cartas dirixidas a Carballo Calero solicitándolle unha colaboración nun homenaxe a Cuevillas*



COMISION DE MONUMENTOS
ORENSE

Lobeira, 7-VII-59

Sr. D. Ricardo Carballo Calero
Lugo

Meu querido amigo e irmán: Contesto á tua do día 2 que me reespediron dende Ourense.

Eu coido que o teu traballo poderá ir en galego; o mesmo me perguntou o Sebastián Risco e díxenlle o mesmo que a ti. De feito, no Homenaxe ô P. Aureliano Pardo foi un traballo en galego e non pasou nada. Pol-o demais, como eu lle non pergunto ôs centros oficiás... velehí!


O tomo xa comenzou a se imprentar; van tiradas 24 páxinas e están outras en portas.

Como temos ainda de marxe o que queda de iste ano e todo o que ven, tés tempo pra faguelo con calma, anque a min venme ben o tér os traballos prôs ir ordeando.

Unha garimosa aperta do teu de cote

Xocas

*Carta manuscrita na que lle dí a Carballo Calero que non ten por qué haber atrancos se emprega o galego no seu traballo*



*Xoaquín Lorenzo*

**Lobeira, 7-VII-59**

**Sr. D. Ricardo Carballo Calero**
**Lugo**

***Meu querido amigo e irmán: Contesto â tua do día 2 que me reespediron dende Ourense.***
***Eu coido que o teu traballo poderá ir en galego; o mesmo me perguntou o Sebastián Risco e díxenlle o mesmo que a ti. De feito, no Homenaxe ô P. Aureliano Pardo foi un traballo en galego e non pasou nada. Pol-o demais, como eu lle non pergunto ôs centros oficiás... velehí!***
***O tomo xa comenzou a se imprentar; van tiradas 24 páxinas e están outras en portas.***
***Como temos ainda de marxe o que queda de iste ano e todo o que ven, tés tempo pra faguelo con calma, anque a min venme ben o tér os traballos prôs ir ordeando.***
***Unha garimosa aperta do teu de cote***

***Xocas***

**Formaron parte do Seminario de Estudos Galegos, onde coincidiron nos traballos das seccións dese centro**

# Ricardo Carballo Calero

Xoaquín Lorenzo



*Lobeira, 5 de agosto do 1975*

*Sr. D. Ricardo Carballo Calero*
*Santiago*

*Meu caro amigo e irmán: Non sei se a estas datas estarás en Santiago ou pasando as vacacións de vran por ehí adiante. De todos xeitos, escríboche a esa pois coido de un xeito ou de outro chegará esta carta ás tuas máns. Tratase do seguinte: Alá polos felices anos de 1932 ou 33 o noso común amigo Lois Tobio fíxome doación de un manuscrito de seu pai datado no ano de 1880 no que se atopaba unha recolleita de cantigas feita por íl nas terras da Mahía. Agora quero pór en limpo o tal manuscrito pra que se non perda, pois coido que ten un grande intrés, especialmente pola sua data. Agora ben; paseino a máquina e atopeime níl con algunhas verbas que descoñezo e que os Diccionarios de que dispoño non rexistran.*
*Como ti coñeces ben esas terras e a sua fala, mándoche unha copia das cantigas en que figuran esas voces pra que ti me digas se as coñeces ou son novas. Eu coido que están ben craras no manuscrito; somentes unha, chalmisqueiro, aparez tamén na forma chalnisqueiro. Coido, de todos xeitos, que debe ser na pirmeira versión. Nas cantigas van sinaladas en bermello as verbas aludidas.*
*Cecais algunhas poidan dar o seu senso pola forma de estaren empregadas, mais non teño seguridade nise sistema. Outras cecais sexan simpresmente variantes de tipo familiar, como acontez con acatarruada, catarrudo, etc. Algo semellante pode pasar coas pirmeiras: orelos, rebeliscos, mordiscadas e outras.*
*Como queira que seña, coido que val a pena investigar en col de istes nomes da Mahía que debían de seren empregados polo ano 1880. A verba tarañolas traina un Dic., non me lembro cal, co siñificado de castañolas, cousa, como verás, que non ten senso na cantiga. En fin, ti verás.*
*E nada máis polo de hoxe. Dalle os meus saudos á tua dona (c. p. b.) e pra ti unha garimosa aperta do teu de cote amigo e irmán*
*Xocas*

*Eu estarei en Lobeira deica o dia 19 ou 20 de iste mes. A partir de entón podesme contestar a Ourense (Paz, 30-1º).*

Neste sentido é moi interesante o contido da carta, pois revela non só as dificultades obxectivas que os escritores detectaban para usar da súa propia lingua, senón tamén a valentía e a firme vontade de superar tales atrancos por parte destes dous veteráns galeguistas (lémbrese, amais, que o anterior ten especial mérito en dúas persoas que, coma eles, sufriron a persecución profesional do franquismo, posto que a Lorenzo lle foi incoado un expediente en 1941 sendo profesor do Instituto do Posío e a Carballo non se lle permitía a docencia en centros de ensino público).

A carta con data do 5 de agosto de 1975 descóbrenos a intrahistoria da confección dunha obra que non se publicaría ata dez anos despois en Ediciós do Castro: a Colección de cantigas da Mahía, recollidas por Lois Tobío Campos (pai de Lois Tobío Fernández, a quen se alude no corpo da propia carta) en Brión en 1880 e prologadas por Xaquín Lorenzo.

*O contido da carta revela non só os atrancos dos escritores para usar da propia lingua senón tamén a vontade de superalos*

Grazas a esta carta (enviada dende Lobeira a Santiago, onde xa exercía entón como catedrático de literatura galega da Universidade o autor de Xente da Barreira) sabemos qué termos concretos ofrecían especiais dúbidas a Lorenzo para a edición, pois acompañábaa dunha escolma dos cantares máis tarde recollidos en libro onde figuran tales verbas de difícil comprensión.

Alén diso, como queira que se conservou o manuscrito onde anotou Carballo Calero a información lingüística que logo enviaría ao de Ourense, tamén coñecemos en qué definicións do "Glosario" dese libro existe unha débeda coas informacións do de Ferrol; son as que seguen: croque, vareada, rebelisco, mordiscada, chusco, escursidosa e cañeiro.

A derradeira, datada en Lobeira o 9 de xullo de 1985 e enviada novamente a Compostela, é unha engádega a un envío anterior (que non se conserva) contendo o traballo fotográfico "Instantáneas" de Lorenzo.

Nela fanse aclaracións sobre os personaxes retratados e algúns comentarios de moita miga.





*Carta onde Xaquín Lorenzo da conta a Carballo das cantigas recollidas en terras de Mahía (arriba) e outra (esquerda) onde fai algunhas aclaracións a unhas fotografías tomadas polo proprio etnógrafo*